MANUFACTURA DE PORCELANAS DE MAGDALENA

CELTIA S.A.I.C. y F.

MAGDALENA (N.G.R.)
T. E. 755

10 de Xaneiro de 1966

Sr. Dn. Valentín Paz Andrade
VIGO

Querido Valentín:

En Madrid non estabas xa no Hotel. O lamentei. Quería, ademais, agradecer iso de que me pagues o Hotel. /¡Vaia coño! Agora ós meus años con "fada madriña".

Boeno. Ise mesmo día que estaba ahi con vosco Moisés Alvarez estábanos escribindo(me) unha carta que chegou ao Castro cando xa eu me fora, e dende París, onde enviaronme unha copia, pedínlles os meus socios que che enviasen a ti outra copia.

Excúsome de faguer comento. Como amigo, letrado ou socio diste home, que eres, coido que deberías aconsellarlle que retirase tal documento escrito en un mal intre. Si Galicia ten que lle pedir contas a algulén de que seus caolins foran entregados aos extranxeiros é a don Moisés Alvarez, que en 1956 claudicou en Madrid pasando a representar esa especie tipificada nista figura.

Eu agradecería non ter no meu archivo isa carta, e todo quedaba esquecido pola miña parte. Pro se isa carta é un desafío pra intentar faguer as cousas "por la gracia de Dios" D. Moisés Alvarez debe ter a seguranza de que nos estamos dispostos a defender as cousas, i-eu pola miña parte coa vida si é preciso. E posiblemente non estemos tan soios nin dentro nin fora.

Boeno, perdoa meu enoxo por iste choio. ?Ti que culpa tés?.

Por acó todos ben. O país feito unha porcallada. Seoane non pensa ir até que o de Sargadelos esté mais avanzado, Xa que se vai vencellar totalemente a ilo.

Espero que Pilar esté ben e sua nai recuperada. A elas, a ti e a Alfonsiño vai a miña mais viva lembranza

e unha cordial aperta de

Paz

O mecanografo, que teño acó, Camilo, me está deixando quedar mal.

Unha aperta e moitas lembranzas de Camilo